



maría mendoza

PIANISTA, COMPOSITORA

e MAESTRA

- *dossier* -

Intro é unha viaxe no tempo, un vagar entre épocas a través de nove composicións orixinais, sete delas inspiradas en temas galegos. Un convite a pecha os ollos e deixarse levar por antigas sonoridades mesturadas coas novas. Un intento de pechar o círculo, de dar voz ás músicas dos que xa non están para tentar de permanecer no tempo.

Biografía e traxectoria	4
Proxecto “Intro”	8
Proxecto “Nova”	9
Concerto piano, concerto didáctico.....	10
Contacto e internet	11

Este dossier recolle a traxectoria musical da pianista e compositora **María Mendoza**, que neste momento presenta o seu primeiro disco en solitario de pezas para piano “Intro” e prepara o seu segundo disco, “Nova”.



MARÍA MENDOZA

María Mendoza, pianista, compositora e docente, nace en Oviedo en 1975 e comeza os seus estudos musicais á temperá idade de catro anos da man da súa nai, profesora de piano. No ano 2001 conclúe os seus estudos superiores de Piano e de Música de Cámara no Conservatorio Superior de Música de Bilbao. Un ano máis tarde, obtén no mesmo centro o Título Superior de Solfexo, Acompañamento e Transporte, así como a licenciatura en Belas Artes pola Universidade do País Vasco. No ano 2002 desprázase a Galicia e comeza os estudos de Composición no Conservatorio Superior de Música de Vigo, da man de Carlos Cambeiro, Joám Trillo e Pablo Beltrán.

Completa a súa formación con cursos monográficos e clases maxistras de piano cos mestres Serghei Yerohkin, Joaquín Achúcarro, Luca Chiantore e Emmanuel Ferre-Lalöé, de análise con Carlos Cambeiro, Emilio Molina, José María Laborda, Edson Zamprónha e Teresa Catalán, de jazz e música moderna, de técnicas de relaxación e control do medo escénico, de análise da música cinematográfica e de composición con Antón García Abril.

A súa actividade profesional divídese entre a docencia, a composición e a interpretación, destacando sobre

todo a súa faceta creativa, tanto compositiva como interpretativa. Na actualidade é profesora do departamento de Composición no Conservatorio Profesional de Música de Ourense. Como intérprete, destaca a súa gran versatilidade como pianista clásica, como acompañante, tanto de instrumentistas, cantantes e agrupacións corais e como teclista en grupos de música moderna (pop, rock, folk, etc.). En canto á composición, é autora de pezas para piano, música de cámara, relixiosas, corais, orquestrais, para banda de música, para voz e piano e de bandas sonoras para curtametraxes e series de animación, onde consegue unir as súas dúas grandes paixóns: a música e o cinema.

Compositora da música da serie Caracol e Caracola e das curtas de animación O día en que a mamá se lle puso cara de tetera, E que podo facer eu?, O sultán e os ratos, Rato Tom e Rata Tomasa e Pedra, palo e pau da serie Contos do Camiño da productora galega OQO filmes, entre elas as gañadoras do Premio Especial do XUrado no Festival Brasil Stop Motion 2011, emitidos en televisión de Galicia, Finlandia, Arxentina, Turquía e Portugal, entre outros países.

En abril de 2016 presenta o seu primeiro disco en solitario, “**Intro**”, un CD de pezas orixinais para piano, que inclúe o seu tema “Como queres que te ronde”,

premiado no concurso de composición Galician Folk Songs 2015.

Varias das súas obras foron publicadas por Periferia Sheet Music (Barcelona), Música Neo (descarga dixital) e pola Consellería de Cultura da Xunta de Galicia. Dende o ano 2010 é membro da Asociación Galega de Compositores.



intro

Intro é un disco de música de piano, con pezas escritas e interpretadas pola pianista e compositora **María Mendoza**. Este primeiro traballo discográfico en solitario divídese en tres bloques:



intro

Meu Amigo **ANTIQUÉ**

4 pezas baseadas en 4 Cantigas de Amigo de Martim Codax

1. **Ondas do mar de Vigo**
2. **Mandad'ei comigo**
3. **Mia irmana freamosa**
4. **Eno sagrado, en Vigo**

Galician Sketches **TRADICIONAL**

3 pezas baseadas en tres jotas das terras de Avión (Galiza) recuperadas polo colectivo Castro Floxo e fixadas musicalmente no 1997 no Cancioneiro Popular da Provincia de Ourense.

5. **Tocadoro do pandeiro.**
6. **Como queres que te ronde**
(Galardonée dans le concours Galician Folk Songs 2015)
7. **Para quen entrou no baile**

Imagens **CONTEMPORÁNEA**

2 pezas en estilo minimalista, influencia de compositores cinematográficos como Philip Glass, Clint Mansell e Hans Zimmer.

8. **La Bella**
9. **Umzug**

“**Nova**” é o irmao xemelgo de “**Intro**”, o seu reflexo no espello. Este segundo traballo discográfico en solitario divídese en tres bloques:

nova

Imaxes

CONTEMPORÁNEA:

6 pezas en estilo minimalista, influencia de compositores cinematográficos como Philip Glass, Clint Mansell e Hans Zimmer.

1. **Clon**
2. **Violent Shadow**
3. **De mon étoile**
4. **Preludio**
5. **Indian Summer**
6. **Magnolia**

Galician Sketches

TRADICIONAL

3 pezas baseadas en melodías tradicionais (vals, canto de seitura e xota) das terras de Avión (Galiza) recuperadas polo colectivo Castro Floxo e fixadas musicalmente no 1997 no Cancioneiro Popular da Provincia de Ourense.

7. **Catro palomitas brancas (Vals de lumière)**
8. **A miña burriña**
9. **Segador que ben segas**

Space Oddities

ELECTROACÚSTICA

3 pezas nas que o piano e o saxo tenor se mesturan con sonoridades electrónicas para recrear o mundo espacial imaxinario da compositora.

10. **Parsec (Paralaxe dun arcosegundo)**
11. **Más allá de Orión**
12. **Zero**

1 - CONCERTO PIANO

Concerto de piano solista presentandoos dous traballos en solitario da compositora, “Intro” e “Nova”.

Duración: 1 hora

Necesidades técnicas: Un piano de cola preferiblemente, pero tamén un piano vertical en boas condicións. A pianista pode levar o seu piano dixital e amplificación, no caso de ser necesario.

Caché: [consultar condicións](#)

2 - CONCERTO DIDÁCTICO

María Mendoza ofrécevos espertar os sentidos cun xogo de adivinanzas. Xa que os discos están divididos en tres bloques (cantigas medievais, música tradicional galega e música contemporánea/minimalista/electrónica), ¿por qué non tentar de adivinar a qué bloque pertence cada unha das pezas que vai tocando? A pianista e compositora interactúa co público para achegalo ao mundo sonoro do piano.

Duración: +/- 45 minutos

Idade: Esta actividade funciona moi ben con público de calquera idade, pero no caso de escolares, é recomendable facer grupos de franxas de idade similares. Preferentemente para público a partir de 6 anos.

Descrición de la actividade:

- Explicación de qué son as Cantigas de Amigo de Martin Códax (primeiro bloque do disco “Intro”).
- Explicación de qué son as melodías tradicionais nas que está baseado o segundo bloque do disco “Intro” e “Nova”.
- Explicación de qué é un leit motiv e a música minimalista (terceiro bloque do disco “Intro”).
- A pianista interpretará ao piano as pezas do disco, pero desordenadas, e o público terá que adiviñar a cal dos bloques pertence cada unha das pezas.

Necesidades técnicas: Un piano de cola preferiblemente, pero tamén un piano vertical en boas condicións. A pianista pode levar o seu piano dixital e amplificación, no caso de ser necesario.

Caché: [consultar condiciones](#)

Contacto e Internet

mendoza1975@hotmail.es

T.: 656 732 442

 **María Mendoza Intro**

 **@MMendoza Piano**

 **mariamendozaintro**

www.mariamendozapiano.com